

Son eu
A voz que te atormentará,
aquela que calastes,
a voz que non volverá falar.

Ata que tolees penso amargarte,
exactamente o que tí me fixestes,
a min, á muller que te quería,
a muller que agora xa non está.

Conseguiches que me odiase,
consequiches que todo parecese normal.
Afastástesme de todo o que tiña,
quitástesme a miña liberdade.

Son eu
Aquela muller feliz que te defendía,
todos te odiaban, xa o sabes
E aínda así eu defendinte sempre,
mira como me pagastes.

Xa non te tiña medo a última vez,
a última vez que en min mallastes.
Para que? Xa sabía o meu final,
non era moi difícil de adiviñar.

Intentaron axudarme,
pero xa era tarde demais,
estaba prendida a tí,
dalgunha forma eras todo pra mín.

Toleei pola túa culpa,
primeiro de amor, despois polo medo.
Toleei pola túa culpa,
pero o teu perdón non quero.

Remato este sermón dicindo
que aínda que todos os días deberían ser así,
o 25 de novembro, é o día contra a violencia
de xénero,
o día contra o que foi o meu maior medo.

Carlota Alcalde Lorenzo
4º ESO B
25 NOVEMBRO 2021